


3.- A ACTIVIDADE


ECONÓMICA



A.- A ACTIVIDADE ECONÓMICA: **compoñentes e sectores** (páx. 94-5)

A.1.- Que é a **actividade económica**?

A **actividade económica** é o conxunto de tarefas ou actividades dos seres humanos destinados a organizar a produción, a distribución e o consumo de bens e servizos cos que atender as súas **necesidades**.



Necesidade humana: é a sensación de carencia de algo (obxecto, servizo, recurso) unida ao desexo de satisfacela, para lograr así a supervivencia ou o benestar dunha persoa.



A.2.- Explica a diferenza entre *necesidades primarias* e *necesidades secundarias*.

A.3.- Clasifica as seguintes necesidades, segundo sexan *primarias* ou *secundarias*:

Alimentarse, comprar un automóbil, visitar un museo, realizar unha viaxe, vestirse, ir ao cine, dispoñer dunha vivenda

Necesidades primarias

Son as fundamentais ou imprescindibles para a supervivencia dos seres humanos.



Necesidades secundarias

Poden ser importantes para os seres humanos, pois aumentan o seu benestar, pero non son imprescindibles.




A.4.- Que son os **bens**? Explica a diferenza entre *bens materiais* e *bens inmateriais*

Os **bens** son os produtos ou servizos cos que as persoas satisfán as súas necesidades.

Bens materiais

Son produtos ou obxectos destinados a cubrir as necesidades dos seres humanos, son algo “concreto, que podemos ver e tocar”.




Bens inmateriais

Son servizos ou prestacións adicados a cubrir as necesidades persoais ou sociais dos seres humanos, pero non supoñen a produción dun obxecto.





A.5.- Explica cales son os **compoñentes básicos** da actividade económica.



Os **países que consomen máis recursos son os desenvolvidos**, pois o aumento do benestar social da súa poboación deu lugar a un gran consumo de recursos, especialmente para cubrir necesidades non básicas. Ademais a gran complexidade e tecnificación da súa actividade económica demanda cada vez máis recursos para a produción de bens e servizos.




A.6.- Fai un **esquema** ou **cadro** que recolla as actividades que inclúen os **sectores económicos**. Indica ademais exemplos desas actividades e en que tipo de países predomina cada sector.



Recorda que a medida que mellora o desenvolvemento económico dun país, prodúcese un transvase de pob. activa do sector primario aos sectores secundario e terciario.

A.7.- Usa o esquema para facer unha **redacción** titulada: "A actividade económica"



B.- OS AXENTES ECONÓMICOS (páx. 96-7)

B.1.- Por que son **necesarios** os **axentes económicos**? **Cales son** eses axentes?

As **necesidades humanas son ilimitadas** (especialmente nos países máis desenvolvidos), pero os **recursos naturais son escasos**.


Por iso **é necesario** organizar a producción de bens e servizos e a súa distribución e decidir **que, como e para quen** producir.

Esas decisións as toman os **axentes económicos** que son os encargados de levar a cabo a actividade económica:



As empresas: Son unidades de produción




As familias: Son unidades de consumo



O Estado: É unha unidade de produción e consumo


As relacións entre os axentes económicos constitúen un ***circuíto económico*** no que intercambian traballo, bens e servizos a cambio de pagamentos.

B.2.- Cubre o esquema ou cadro dos **axentes económicos** seguindo o modelo.

OS AXENTES ECONÓMICOS	AS EMPRESAS	AS FAMILIAS	O ESTADO
QUE SON?			
FUNCIÓN?			
OBXECTIVO?			
"PAPEL" NO CIRCUÍTO ECONÓMICO			

As empresas

- **Son** as unidades básicas de produción de bens e servizos.



- A súa **función** é {
- producir bens materiais e servizos
- distribuilos
- vendelos aos consumidores → a cambio dun prezo!




-- **Obxectivo** {
- empresa privada: obtención de beneficios.
- empresa pública: búsqueda do benestar social.



- **Tipos variados**,
clasificadas segundo: {
- tamaño: pequenas, medianas ou grandes.
- titularidade do capital: públicas, privadas ou mixtas.
- a organización social: particulares ou sociedades (anónimas, limitadas ou cooperativas).

- No **circuito económico**

{
- venden os bens e servizos que producen ás familias e ao Estado.
- reciben ingresos desas vendas e con eles pagan os salarios ás familias polo seu traballo e os impostos ao Estado.



As familias:

- **Son** unidades básicas de consumo de bens e servizos.
- A súa **función** é gastar na adquisición de bens e servizos.
- **Obxectivo:** satisfacer as súas necesidades básicas ou non básicas.



- No **circuíto económico**



- venden o seu traballo ás empresas privadas e públicas no mercado de traballo.
- cobran un salario polo seu traballo, co que pagan eses bens e servizos que compran ás empresas e os impostos ao Estado



Un dos indicadores que miden o consumo das familias é a *Enquisa do orzamento familiar*, que mide o gasto familiar nunha selección de produtos básicos: alimentación e bebidas non alcohólicas, bebidas alcohólicas e tabaco, vivenda, vestido e calzado, medicina, transporte...




O Estado:

- **É** unha unidade de produción e consumo.
- **Función**
 - producir, a través das súas empresas, bens materiais e servizos públicos, necesarios para toda a sociedade (educación, correos, sanidade, transporte ferroviario...).
 - consumir bens e servizos das empresas privadas
- **Obxectivo:** conseguir o benestar social, só secundariamente os seus investimentos buscan a obtención de beneficios.
- No **circuíto económico**
 - proporcionan ás empresas e ás familias bens e servizos (infraestruturas, axudas, subvencións, pensións, seguros de enfermidade, paro...).
 - contratan traballadores públicos a cambio dun salario e cobran impostos ás empresas e ás familias.



B.3.- Cubre o esquema ou cadro conceptual da **clasificación das empresas.**




B.4.- Indica se os bens e servizos que ofrecen as seguintes “empresas” son públicos ou privados.



B.5.- O círculo económico

A economía de calquera territorio funciona como un **circuíto**, no que os produtores e os consumidores se relacionan mediante o intercambio nos *mercados*. Esas relacións entre produtores e consumidores provocan a diario **fluxos de bens e servizos**, que se deprezan duns lugares a outros mediante o emprego de *transportes*. Como contrapartida, prodúcese unha corrente de **fluxos monetarios**.

a.- Completa o gráfico do **Circuíto económico** situando sobre cada frecha o “concepto” que lle corresponde, escolle cada un deses “conceptos” do listado que figura ao pé do gráfico. Podes engadir ti algún enlace máis.



- Ofrece bens e servizos ás familias,
- Pagan impostos,
- Pagan salarios,
- Contratan traballadores,
- Pagan os bens e servizos,
- Obteñen ingresos,
- Venden bens e servizos,
- Reciben infraestuturas, servizos e subvencións,
- Venden o seu traballo.

O círculo económico

